



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliación s medias xuño 2020**

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2020

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xuño do ano 2020 acadou a cifra de 986.642 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de maio de 2020 de 10.268 afiliacións (1,05%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.624.337, rexistrando unha subida do 0,37% con respecto ao pasado mes de maio.

Na comparativa interanual (xuño de 2020 con xuño de 2019) obsérvase unha diminución de 38.551 afiliacións no total do sistema en Galicia (-3,76%) e unha diminución do 4,58% (893.360 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de maio de 2020, rexístrase unha subida das afiliacións en doce comunidades autónomas, destacando principalmente Castilla La Mancha (2,21%). En senso contrario, atopamos taxas negativas en La Rioja, Navarra, Murcia, País Vasco e Madrid (aínda que todas por riba do -1,00%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas negativas en todas as comunidades autónomas. O descenso máis acusado é o de Illes Balears (-14,71%), mentres que Castilla La Mancha é a comunidade que menos descende (-2,16%).


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2020	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>18.624.337</b>	<b>68.208</b>	<b>0,37</b>	<b>-893.360</b>	<b>-4,58</b>
<b>Galicia</b>	<b>986.642</b>	<b>10.268</b>	<b>1,05</b>	<b>-38.551</b>	<b>-3,76</b>
Andalucía	2.993.377	1.512	0,05	-159.015	-5,04
Aragón	570.372	6.030	1,07	-19.324	-3,28
Asturias	353.225	2.614	0,75	-15.047	-4,09
Illes Balears	495.206	8.066	1,66	-85.389	-14,71
Canarias	763.001	4.286	0,56	-47.838	-5,90
Cantabria	209.863	313	0,15	-10.618	-4,82
Castilla La Mancha	699.467	15.121	2,21	-15.449	-2,16
Castilla y León	893.245	8.384	0,95	-36.111	-3,89
Cataluña	3.330.259	15.690	0,47	-178.184	-5,08
Comunitat Valenciana	1.832.829	4.509	0,25	-90.539	-4,71
Extremadura	388.565	6.563	1,72	-16.280	-4,02
Madrid	3.128.660	-4.824	-0,15	-116.005	-3,58
Murcia	585.274	-3.055	-0,52	-17.399	-2,89
Navarra	280.385	-2.192	-0,78	-8.825	-3,05
País Vasco	942.894	-3.993	-0,42	-30.523	-3,14
La Rioja	126.343	-1.113	-0,87	-5.104	-3,88
Ceuta e Melilla	44.731	27	0,06	-3.162	-6,60

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de maio de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social diminuíu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior caída nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do -4,01%, o que supón 17.583 afiliacións menos, seguida de Lugo (-3,87%), Pontevedra (-3,58%) e, por último, Ourense (-3,21%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xuño con respecto ás do mes de maio de 2020, rexistrouse en Galicia unha subida do 1,05%. Todas as provincias amosan datos positivos sendo Pontevedra a que máis medra (1,67%).

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2020	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	420.950	2.775	0,66	-17.583	-4,01
LUGO	119.215	862	0,73	-4.804	-3,87
OURENSE	100.009	923	0,93	-3.317	-3,21
PONTEVEDRA	346.468	5.708	1,67	-12.847	-3,58
<b>GALICIA</b>	<b>986.642</b>	<b>10.268</b>	<b>1,05</b>	<b>-38.551</b>	<b>-3,76</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>18.624.337</b>	<b>68.208</b>	<b>0,37</b>	<b>-893.360</b>	<b>-4,58</b>


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,9% das afiliacións galegas en xuño de 2020, aumentaron un 1,25% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase unha diminución do 4,28%. En España estas taxas foron do 0,28% con respecto a maio de 2020 e do -5,24% en relación ao mes de xuño de 2019. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (70,8%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de variación interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -1,88%. Para este réxime e con respecto ao mes de maio de 2020, soben todas as provincias resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do 0,41%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha baixada interanual (-1,26%), e unha subida intermensual (0,76%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xuño de 2019, rexístranse baixadas en todas as provincias, agás A Coruña, destacando a que se produce en Pontevedra (-4,59%). A taxa galega sitúase entón no -2,98%, superior á de España (-6,23%). Con respecto a maio de 2020, atopamos taxas positivas en todas as provincias. A taxa galega amosa un aumento do 0,24% con respecto a maio de 2020. A taxa nacional é do 1,84%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

**Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN XUÑO 2020	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	420.950	0,66	-4,01
LUGO	119.215	0,73	-3,87
OURENSE	100.009	0,93	-3,21
PONTEVEDRA	346.468	1,67	-3,58
GALICIA	986.642	1,05	-3,76
ESPAÑA	18.624.337	0,37	-4,58
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	331.167	0,76	-4,58
LUGO	84.350	0,99	-4,52
OURENSE	76.693	1,14	-3,46
PONTEVEDRA	266.926	1,99	-4,08
GALICIA	759.136	1,25	-4,28
ESPAÑA	15.314.801	0,28	-5,24
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	84.164	0,34	-1,99
LUGO	33.369	0,11	-2,35
OURENSE	23.316	0,26	-2,37
PONTEVEDRA	66.531	0,70	-1,31
GALICIA	207.379	0,41	-1,88
ESPAÑA	3.245.252	0,76	-1,26
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.619	0,03	0,18
LUGO	1.496	0,18	-0,17
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.011	0,34	-4,59
GALICIA	20.127	0,24	-2,98
ESPAÑA	63.082	1,84	-6,23

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## 5.- Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE)

Por último, debemos sinalar que dentro do total de afiliados a día 30 de xuño en Galicia, houbo 64.471 que se atopaban en situación de ERTE por forza maior, 85.770 menos que a día 30 de abril. No total de España, o número de afectados por un ERTE por forza maior no último día de xuño é de 1.556.919, producíndose unha saída de 1.517.543 afectados respecto ao último día de abril.

**Cadro 4.- EVOLUCIÓN DOS ERTE POR FORZA MAIOR POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

CCAA	AFECTADOS A ÚLTIMO DÍA DE XUÑO 2020	AFECTADOS A ÚLTIMO DÍA DE ABRIL 2020	VARIACIÓN ABSOLUTA
<b>España</b>	<b>1.556.919</b>	<b>3.074.462</b>	<b>-1.517.543</b>
<b>Galicia</b>	<b>64.471</b>	<b>150.241</b>	<b>-85.770</b>
Andalucía	202.882	446.124	-243.242
Aragón	31.324	76.516	-45.192
Asturias	22.118	53.135	-31.017
Illes Balears	115.651	135.885	-20.234
Canarias	147.283	220.630	-73.347
Cantabria	12.921	31.572	-18.651
Castilla La Mancha	38.712	93.571	-54.859
Castilla y León	63.464	132.207	-68.743
Cataluña	310.826	604.305	-293.479
Comunitat Valenciana	143.475	299.733	-156.258
Extremadura	15.686	37.145	-21.459
Madrid	281.138	509.048	-227.910
Murcia	27.037	74.624	-47.587
Navarra	14.625	45.897	-31.272
País Vasco	53.766	137.995	-84.229
La Rioja	8.597	20.216	-11.619
Ceuta e Melilla	2.943	5.618	-2.675

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

En canto a situación en Galicia, os afectados por ERTE de forza maior redúcense nas catro provincias entre o 30 de abril e o 30 de xuño, A Coruña é onde se producen máis saídas da suspensión total, con 34.793 suspensións menos que en abril.

**Cadro 5.- EVOLUCIÓN DOS ERTE POR FORZA MAIOR. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFECTADOS A ÚLTIMO DÍA DE XUÑO 2020	AFECTADOS A ÚLTIMO DÍA DE ABRIL 2020	VARIACIÓN ABSOLUTA
A CORUÑA	28.554	63.347	-34.793
LUGO	6.580	14.552	-7.972
OURENSE	6.638	16.002	-9.364
PONTEVEDRA	22.699	56.340	-33.641
<b>GALICIA</b>	<b>64.471</b>	<b>150.241</b>	<b>-85.770</b>

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>